

PROYECTO LECTOR

CEIP CASÁS

CURSO 2011/2012

INDICE

1- Xustificación do proxecto lector.

2- Análise do contexto.

Situación do Centro.Datos da Biblioteca.

Análise das prácticas lectoras e escritoras do noso alumnado.

Logros e dificultades dos nosos alumnos.

Metodoloxía que empregamos..

Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

3-Obxectivos e organización do Proxecto Lector.

Obxectivos.

Procedementos e estratexias para acadar os obxectivos.

A biblioteca escolar (BE) como recurso.

A biblioteca de aula (BA)

Actividades a levar a cabo.

Organización de espazos e tempos. Creamos ambientes lectores.

Participación e organización do profesorado.

Participación das familias e o entorno.

Integración das TIC no noso Proxecto Lector.

4-Criterios e procedementos de avaliación.

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO LECTOR.

No anexo V do Decreto 130/2007, de 28 de Xuño (DOG 09/ 07/ 07), polo que se establece o currículo de Educación Primaria na nosa Comunidade, concrétase que os Centros Educativos deberán elaborar e incluír nos seus Proxectos Educativos de Centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do Centro destinadas ó fomento da lectura e da escritura.

No P.L. articularánse as intervencións que se realizarán no Centro en relación coa lectura, escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado e incorporando a BE e a BA como recursos fundamentais.

Este PL debe garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden. Isto implica un enfoque funcional ás distintas tecnoloxías da comunicación e da información ó alcance do alumnado, traballar con todo tipo de textos, ensinar estratexias de comprensión lectora co fin de garantir a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e a escritura.

2-ANÁLISE DO CONTEXTO.

SITUACIÓN DO CENTRO.BIBLIOTECA.

O C.E.I.P. CASÁS de Lugo está situado no barrio do seu nome, nunha zona periférica da cidade de Lugo, detrás do actual Hospital Xeral do Sergas. Dentro das súas instalacións conta cunha aula adicada exclusivamente a Biblioteca dotada con 6000 volúmenes que funciona como lugar de consulta,estudio,para a realización de traballos ,e tamén en réxime de préstamo.

FUNCIONAMIENTO ACTUAL DA BIBLIOTECA.

1º-Laboura de rexistro.

Unha vez que o libro chega a nosa Biblioteca apúntase no libro de rexistro onde consta:

Entrada	Autor	Título	Fe de Editorial			
Nº	Data	Lugar	Editorial	Ano	nº Volumes	Proced..

Rexístrase tamén en soporte dixital.

2º-Procédese ao selado:

A) Selo de entrada coa data de chegada e o nº de rexistro.

B) Selado de páxinas co cuño do centro.

3º Signatura:

O membrete terá unha medida standar 3.4 cm.

Co CDU (sistema de clasificación decimal universal) asígnaselle un nº que indica a temática do libro. Exemplo: 0 - Obras xerais.

1 Filosofía

8 Literatura

86.1 Literatura Española infantil

- Tres primeiras letras do 1º apelido do autor en maiúscula.

- Tres primeiras letras do título en minúscula prescindindo dos artigos.

Unha vez rematada pégase no lombo do libro.

Exemplo

80.1 Literatura Galega

MOS Neus Moscada

soi Soidades

Nº Rexistro

4-ELABORACIÓN DE FICHAS DE PRÉSTAMO

Exemplo

CEIP CASÁS BIBLIOTECA		
80.1 Neus Moscada		
MOS Soidades		
Soi		
Nº Rexistro -----		
-Lector	Firma do lector	Devolto
Nº		

Esta introdúcese no portafichas que se prepara para tal fin e que se pega na portada do libro

Para deixar constancia dos préstamos que a Biblioteca fai hai que cubrir o Libro de Préstamos.

Data	Nome do alumno	Nivel-grupo	Título	Data devolución	Devolto na data

Sacaremos a ficha do libro, asinará o alumno lector e colocarámola no “Ficheiro de Préstamos”

no mes e día que debe ser devolto (para iso este ficheiro ten unos separadores por meses e días).

Non se debe esquecer apuntar a data máxima de devolución no portafichas do libro pola súa parte interior..

ANÁLISIS DAS PRÁCTICAS LECTORAS E ESCRITORAS DO NOSO

ALUMNADO.

LOGROS E DIFICULTADES DOS NÓS ALUMNOS.

METODOLOXÍA QUE EMPREGAMOS.

A escribir e a ler apréndese lendo e escribindo. Como?

O neno/a primeiro aprende a falar para logo nomear e comprender.

¿Que é ler? Ler é transformar unha mensaxe escrita en sonora, descifrar, traducir, comprender, dispoñer dun medio de comunicación cos demais, participar na vida

intelectual de toda a humanidade, extraer o contido dunha mensaxe escrita, xulgar, apreciar valores estéticos da lectura e da escritura para seguir sempre aprendendo.

Condições necesarias para a aprendizaxe da lecto-escritura.

Para que o neno/a estea en condicións de aprender a ler e a escribir é necesario que adquira os seguintes coñecementos:

- Garabateo, debuxo, coloreado.
- Recoñecemento de formas xeométricas: redondas, alargadas, verticais...
- Noción do tamaño, adición, cantidade e inversión.
- Dominio discriminativo dos conceptos espaciais: arriba/abaixo, esquerda/dereita, diante/detrás .
- Distinción das nocións temporais antes/despois.
- Unha capacidade mínima de memorización.
- Ausencias de déficits visuais, auditivos e articulatorios.
- Ausencia de perturbacións analítico-sintéticas.
- Ausencia de alteracións na relación figura/fondo.
- Vocabulario mínimo.
- Patróns motrices correctos.
- Boa coordinación viso-manual.
- Hábitos grafomotores correctos.
- Maduración que depende da interacción entre a herencia biolóxica e as condicións ambientais ás que se ve sometido.

O proceso da aprendizaxe da lecto-escritura iníciase coas primeiras asociacións de fonemas e grafemas e continua ata conseguir a automatización total.

No 2º Ciclo da Educación Infantil dase a fase inicial que comeza co seguinte:

=====

- Garabateo, trazos, debuxos, coloreado...
- Observación de anuncios, envases, rótulos, o seu nome, o dos compañeiros.

- Desciframento de imaxes con grafemas e fonemas.
- Aprendizaxe de grafemas e fonemas baseado no conto, a canción, os personaxes do conto e a súa representación visual.
- Unha vez coñecidos os grafemas e fonemas, que serán maiúsculas e ó lado minúsculas, o alumno/a gusta de escribir palabras que comeza co seu nome, o dos compañeiros e as rotulacións que hai na aula.
- Comeza a ler axudado de pictogramas.
- Logo le e escribe palabras dictadas, primeiro dunha sílaba, dúas, tres...directas, inversas, mixtas...

Uso da Biblioteca de Aula e do Centro.

De Aula: tódolos días lese un conto, escoltan o CD (si o ten), fan un debuxo do lido, coméntase os nomes dos personaxes, a súa actividade, o título...

Cando rematan as actividades das unidades didácticas collen un conto, mirano e algún levo para a casa co fin que adquiran gusto pola lectura, coa responsabilidade de coidalo e devolvelo en bo estado.

De Centro: Non se está facendo,está en proxecto..

Logros:

- Adquisición de máis vocabulario e expresión.
- Gusto polos libros.
- Aumento da atención e a observación.
- Mellora da pronunciación.
- Mellora na memorización.
- Está en proxecto:
- mellorar a Biblioteca de aula.
- adequar unha zona da Biblioteca do centro para E.I.,cun recuncho con alfombra,material adecuado e máis libros axeitados para estas idades.

1º Ciclo Educación Primaria.

=====

O neno/a seguirá reforzando a lecto-escritura coas actividades correspondentes ó seu nivel e capacidade.

Usan a Biblioteca de Aula unha media hora diaria, lendo libros seleccionados pola mestra, faise análise do lido, fan un debuxo e levan semanalmente un libro para a casa que se comenta ó final da semana.

Utilizan a Biblioteca do Centro os martes unha sesión e faise o seguinte:

-Lese un conto relacionado co tema que estamos a tratar (lido pola mestra), fanse actividades de comprensión-expresión, logo lectura libre e silenciosa. Coordinando o traballo da biblioteca con escritura ampliamos:

-Ordenar frases.

-Ordenar tres ou catro frases para confeccionar un texto correcto.

-Completar frases da lectura con palabras dadas.

-Ordenar palabras.

-Ordenar sílabas.

-Facer descripcións sinxelas.

-Alongar cada vez máis unha frase.

-Iniciar a escribir contos.

-Descripción de contos e imaxes.

-A nivel de aula :

-Ler un texto poético co ritmo adecuado.

-Ler un texto narrativo sinxelo de forma fluida.

-Manter un ton axeitado ao falar e ler.

-Interese polos textos escritos como fonte de información e de placer.

Logros:

-Conseguimos máis obxectivos de comprensión e ampliación de vocabulario, cousa que os libros de texto, aínda que abarcan moitos aspectos, carecen ou non se adaptan ó entorno dos nosos alumnos/as.

2º Ciclo Educación Primaria.

=====

Seguirán ampliando coñecementos das prácticas lectoras e escritoras no seu nivel correspondente.

Usan a Biblioteca de Aula como lectura de lecer, primeiro faise unha lectura silenciosa e despois en voz alta. Os alumnos/as que rematan as actividades collen libros seleccionados pola mestra que conteñan textos informativos (para aprender a informase de temas xerais, acontecementos, sucesos...), textos literarios (para disfrutar, expresarse persoalmente e desenrolar a sensibilidade artística).

Utilizan a Biblioteca do Centro un día á semana, unha sesión e faise o seguinte:

Lese un conto relacionado con algunha das unidades didácticas dadas durante a semana para ampliar coñecementos. Levan libros para a casa ,unha vez cada 15 días, e cubren unha ficha do que leron.

Coordinando o traballo da biblioteca coa escritura completaremos:

- Construir oracións.
- Describir obxectos.
- Resumir unha noticia.
- Escribir unha carta.
- Facer comics e escribir o que expresan.
- Alongar a acortar frases.
- Escribir poesías curtas con rima.
- Escribir un conto con comezo, persoaxes, conflito e solución final.

Logros:

- Traballar máis en grupo.
- Ampliar a súa actitude crítica.
- Perfeccionar cada vez máis a observación e a comprensión.
- Van mellorando os grafemas.

3º Ciclo Educación Primaria.

=====

Neste ciclo hai lecturas obrigatorias anuais, unha de lingua galega e unha de

lingua castelá, pero ademáis len de forma voluntaria outros libros que levan en réxime de préstamo unha vez cada 15 días .

A Biblioteca de Aula úsana unha vez rematadas as actividades.

A Biblioteca de Centro úsana para buscar información selecciónandolles textos expositivos (para estudar, aprender a comunicar coñecementos e discutir ideas), textos prescritivos (para aprender a facer cousas, comunicar instrucións e regular o comportamento).

Trabállase:

- A narración.
- A poesía.
- Noticias periódicas.
- Anuncios publicitarios.
- Caligramas.
- Argumentacións.
- Xogos con rima.
- Entrevista.
- Monólogos teatrais.
- Encuestas.
- Aprender a facer reclamacións.
- Expresar sentimentos.
- Reportaxes.

Logros:

-Perfeccionar cada vez máis o seu vocabulario bilingüe, os seus razoamentos, a comprensión, as regras de ortografía e autocrítica.

Dificultades en xeral dalgúns alumnos/as:

- Falta de atención.
- Falta de interés.
- O non conseguir a adecuada coordinación do trazo.
- Dislalias, disfasias, dislexias.
- Uso incorrecto da aprensión.

- Falta de memoria auditiva e visual.
- Falta de comprensión en conceptos como enunciados e textos.

Metodoloxía empregada.

- Aprendizaxe significativa.
- Método activo e participativo en que os nenos/as aprenden a aprender e que levan a cabo a súa aprendizaxe partindo sempre dos seus coñecementos previos e de realidades próximas para ir despois a outras máis afastadas.
- Mediante o xogo.
- Individual e flexible.
- Cunha linguaxe clara utilizando a lingua materna.

NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NESTE ÁMBITO.

Sería interesante e necesario:

Realizar cursos de formación relacionados con bibliotecas escolares, animación á lectura, fomento de hábitos lectores....

Uso das TICs nas bibliotecas escolares.

Unha persoa formada que coordine as necesidades e demandas da Comunidade Educativa, e que dinamice certas actividades para que a lectura resulte máis atractiva.

OBXECTIVOS E ORGANIZACIÓN DO PROXECTO LECTOR.

OBXECTIVOS.

O que pretendemos é que este PL sexa personalizado, sinxelo, realista e consensuado, baseado no fomento das boas prácticas lectoras.

Petendemos acadar os seguintes obxectivos:

- 1 -Desenvolver a competencia lingüística.

- 2 -Fomentar o ámbito lector e o gusto/ pracer pola lectura como actividade de lecer.
- 3 -Elaborar un plan estruturado.
- 4 -Implicar ás familias no proxecto de lectura do Centro.
- 5 -Dinamizar o uso da BE e da BA como espazos para o lecer a través de distintas actividades atraíntes para toda a comunidade escolar.
- 6 -Mellorar a capacidade lectora do alumnado, desenvolvendo o hábito lector e potenciando a comprensión.
- 7 -Favorecer o uso dos recursos informáticos, TICs para obter información.
- 8 -Programar actividades de animación á lectura entre os distintos ciclos e niveis.
- 9 -Utilizar os recursos da biblioteca para o traballo cotián da aula nas distintas áreas.

PROCEDEMENTOS E ESTRATEXIAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS.

Poderíamos destacar os seguintes:

As persoas adultas somos un modelo de lectura, (dar exemplo).

O pracer da lectura contáxiase lendo xuntos, (compartir).

É mellor suxerir que impoñer. Evitemos tratar a lectura como obrigación, (propoñer).

Non debemos deixalos sós cando aínda non len ben, (acompañar).

Tódolos días hai que reservar un tempo para a lectura, (ser constantes).

Os lectores teñen dereito a elexir, (respetar).

Calquera situación pode proporcionarnos motivos para acercarnos aos libros, (estimular).

Axudemóslle a organizarse : o tempo, a biblioteca,...(organizarse).

Nas preguntas dos nosos alumnos está o camiño para seguir aprendendo, (escoitar).

Pensamos que un bo equipo tecnolóxico contribuiría á incorporación de novos soportes e ó acceso de novos canais.

A BIBLIOTECA ESCOLAR COMO RECURSO

A biblioteca será un lugar para aprender a aprender e para medrar como lectores de textos diversos e con distintas finalidades, porque unha sociedade ideal, tolerante, pacifista, igualitaria... é unha sociedade lectora.

A biblioteca escolar debe ser o centro de recursos que utilice diferentes tipos de soportes(libros, CD-ROM, vídeos...) para apoiar a aprendizaxe activa de todas as áreas e que permita a igualdade de todos os estudantes, xa que está ao alcance de todos eles.

É un espazo de encontro e de vida, o foco de dinamización do centro educativo no que converxen a forza da palabra e a enerxía creadora das persoas que a soñan e a exercitan. Tampouco debemos esquecer que é un espazo civilizador, ao ofrecer un ambiente relaxado, un lugar onde se practica a cooperación, xa que os nenos comparten tempo, traballo, lecturas...

Por último, dicir que é a memoria do centro, xa que alí se arquivarán todas as publicacións realizadas no colexio: revistas, dípticos, libros de contos...

OBXECTIVOS

- 1.-Fomentar no alumnado o hábito e o pracer da lectura.
- 2.-Dinamizar a actividade cultural do centro.
- 3.-Apoiar e facilitar a consecución dos obxectivos a acadar nesta etapa educativa.
- 4.-Ofrecer oportunidades a todo o alumnado para acadar información e desenvolver a imaxinación.
- 5.-Proporcionarlles recursos que lles permitan poñerse en contacto con ideas e experiencias diversas.
- 6.-Concienciar de que a liberdade intelectual é fundamental para acadar unha sociedade tolerante.
- 7.-Seleccionar e adquirir materiais axeitados aos distintos ciclos para complementar e enriquecer os libros de texto, material docente e métodos pedagóxicos.
- 8.-Mellorar as instalacións actuais.
- 9.-Organizar e celebrar xornadas de animación lectora.

10.-Estar en contacto con bibliotecas do entorno.

ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO

- Realizar expurgo.
- Señalización e rotulación de seccións.
- Seguir co Rexistro informatizado de materiais.-Rexistrar e etiquetar material novo chegado ao centro.
- Confección de materiais: mascota, separadores, fichas persoais de lectura, caderniño de organización do funcionamento da biblioteca, decorados, ...
- Utilización da biblioteca durante o horario escolar como lugar de lectura e aproveitamento de recursos..
- Facer catálogos de libros de lectura recomendados por ciclos.
- Crear un buzón de suxerencias dirixida á comunidade educativa.
- Colocación de corcho para exponer traballos non dirixidos.
- Realización de concursos e certames:
- Mascotas.
- Slogan.
- Certame de contos, poesía, cómics
- Apoio á organización de actividades para a celebración de efemérides, visitas culturais...
- Organización de xornadas de animación á lectura.
- Fonte de recursos para festivais escolares(teatro, teatro de sombras, monicreques...).
- Contacto con autores.

A BIBLIOTECA DE AULA

1.- OBXECTIVOS

- 1.-Motivar á lectura como actividade placenteira e como fonte de información.
- 2.-Adquirir vocabulario e mellorar a comprensión lectora.
- 3.-Coñecer distintos xéneros literarios.
- 4.-Coñecer títulos de libros.

- 5.-Respectar e coidar o material colectivo.
- 6.-Aprender a facer a ficha dun libro.
- 7.-Realizar o rexistro da biblioteca.
- 8.-Crear ambiente lector, facendo unha biblioteca dinámica e atractiva.

2.-ACTIVIDADES

- Comentar e consensuar as normas de uso da biblioteca de aula.
- Clasificación dos materiais da biblioteca.
- Realizar un carné de lector.
- Deseñar e confeccionar a mascota da B.A.
- Inventar un slogan.
- Servizo de préstamo de libros.
- Obradoiro de contacontos.
- Intercambio dos seus libros favoritos.
- Lectura silenciosa.
- Lectura dun libro por parte de todos eles e proxección da súa película.
- Lectura de libros relacionados cos temas a traballar na clase.
- Obradoiro de escritura:
 - Elaborar libros de contos, poesías, cómics... que pasarán a incrementar o fondo da B.A.
 - Confeccionar libros individuais cos seus traballos literarios.
 - Realizar contos viaxeiros.
 - Dramatizar obras de teatro.
 - Fomentar a crítica literaria.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS.

Debemos dispoñer de espazos ordenados, ben definidos e empregar códigos sinxelos e universais que todos entendan. Os nenos deberán aprender a respetar as normas básicas de uso, tanto na BE como na BA, nun ambiente que conleve actitudes e conductas positivas.

Para planificar o espazo debemos ter en conta as seguintes características ou condicións:

- 1 -Ha de ser un espazo estimulador e ordenado, onde os alumnos poidan elixir entre diversas posibilidades de acción.
- 2 -Ha de ser un lugar cálido e confortable.
- 3 -Ha de posibilitar a utilización autónoma de libros, xogos de lectura,, materiais e recursos.Estarán visibles e accesibles aos nenos.
- 4 -Ha de ser un lugar tranquilo, sen interferencias acústicas, sen aglomeracións..
- 5 -Haberá unha cortiza para escoller traballos,propostas...
É conveniente fomentar o uso das bibliotecas como lugar de disfrute, investigación, documentación e consulta, convertiíndose nun espazo motivador para todos.

Da biblioteca queremos que xurdan propostas dun determinado Centro de Interés, para traballar en todos os niveis e áreas, que será o que potencie a creación de ambientes lectores.

Para o vindeiro curso 2010 /2011 poderíamos elixir entre os seguintes:

- 1 -A gandería.
- 2 -A época medieval.
- 3 -Os pintores.
- 4 -A pataca.
- 5 -Animais e mascotas.
- 6 -O noso corpo.
- 7 -Cambio climático.
- 8

Respecto ao tempo, cada nivel de EI e de EP destinarán polo menos 1 hora para o uso da BE, na que se realizarán distintas actividades:

- 1 -De animación á lectura.
- 2 -Actividades de mantemento da biblioteca: colocar os libros no seu lugar, coidalos,...

3 -Actividades de investigación ou lectura específica.

4

Estas actividades han de estar dirixidas por cada titor/a.

O horario de préstamos , tamén estará prestablecido.

Na porta da Biblioteca aparece o horario semanal, onde se ve a hora que cada grupo ten asignado á biblioteca, e outro horario onde nas horas restantes os mestres que o desexen poidan anotarse e acudir cos seus alumnos para realizar consultas ou outras actividades definidas (audiovisuais, búsqueda de información,...)

PARTICIPACIÓN E ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO.

Todo o profesorado implicarase no PL de maneira activa, participativa e cooperativa.

Os profesores /as encargadas do funcionamento da biblioteca terán entre outras , as seguintes funcións funcións:

- 1 -Realizar o tratamento dos fondos.
- 2 -Organizar o servizo de préstamos.
- 3 -Definir criterios de préstamos.
- 4 -Difundir os fondos que xa existen.
- 5 -Colaborar cos niveis e ciclos á hora de proporcionarlles material didáctico, teórico e práctico, de cara a actividades de fomento da lectura e comprensión lectora.
- 6 -Pór en práctica este tipo de actividades de fomento de lectura.
- 7 -Colaborar na elaboración do deseño, seguemento e avaliación do plan anual de lectura e do plan lector.
- 8 -Colaborar co Equipo Directivo na coordinación de todo o proceso.
- 9 -Informar ao profesorado sobre a organización dos fondos.

PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E O ENTORNO.

É necesario o papel dos pais . Se lles pode guiar en distintas actividades que eles poden desenvolver na casa co seu fillo: axudarlles a elixir libros adecuados á idade, animarlles a que collan libros na biblioteca, pedirles que lles lean distintos tipos de textos, ler xuntos algúns libros, regalarlles algún libro polo Nadal, o seu aniversario,..., motivalos para ir formando a súa biblioteca,....

Podemos facer un díptico para darlle a cada familia, cos seguintes ítems:

- 1 -Sírvelle de exemplo.
- 2 -Foméntalle o interés permanente pola lectura, ofrecéndolle textos atractivos para que descubra algunha lectura do seu interés en calquer tipo de formato (xornal, libro tradicional, internet,...), e/ou xéneros (cómics, ficción divulgación científica...)
- 3 -Non lle des lecturas demasiado infantís para a súa idade.
- 4 -Utilizade medios audiovisuais para despertar a atención e motivalo.
- 5 -Non lle impoñades unha determinada lectura, pola contra, ofrecédelle textos relacionados cos seus gustos; buscando textos que o sorprendan e emocionen, e con personaxes cos que se poida identificar.
- 6 -Crea un ambiente tranquilo e cómodo, onde reine o silencio, sen ruído, TV, música...para lograr a concentración e facilitando a comprensión e o pracer pola lectura.
- 7 -Acláralle o significado das palabras que descoñece.
- 8 -Cóntalle que libros che gustaban á súa idade e o porqué.
- 9 -Lévaos a bibliotecas e librerías.
- 10 -Recorda que o cómic, que mistura linguaxe oral e icónica, é unha boa maneira de mellorar a súa comprensión lectora e motivación.

AS TICs NO NOSO PROXECTO

A nosa biblioteca só dispón dunha conexión de internet á que está conectado o

equipo informático que ten o programa de xestión da biblioteca, polo mentres se utilice para esa función non será posible utilizalo para buscar información e realizar consultas na rede. Sería desexable ampliar a rede de internet en todo o colexio, para poder utilizalos como consulta. Mentres tanto para este fin utilizaranse os equipos da aula de informática que está ao lado da biblioteca.

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Ó final de cada curso elaboraráse unha memoria que recolla os logros, dificultades e aspectos a modificar, que será elaborada polo Equipo da biblioteca.

Ademais, cada titor avaliará o logro nas competencias comunicativas, o que permitirá constatar a evolución do alumnado e saber se vai na dirección correcta, analizando se son precisos cambios e adaptacións no PL ou no Plan de Lectura.

Avaliaranse tamén as actividades de dinamización cultural por parte do profesorado implicado, analizando o grao de participación do alumnado e o seu comportamento no desenvolvemento das actividades.

Avaliaremos o Plan de uso das bibliotecas con enquisas onde se contemple: estatísticas de préstamo, cantidade e calidade de producións realizadas polos alumnos, utilización de recursos,...

A avaliación do PL será a través do Plan Lector Anual, onde se terá en conta:

- 1 Metodoloxía empregada.
- 2 Actitudes, motivación dos alumnos, profesores e familia.
- 3 Temporalización
- 4 Grao de consecución dos obxectivos que pretendiamos.
- 5 Progreso dos alumnos nos hábitos de lectura e a mellora da súa competencia lectora.
- 6 Implicación do profesorado, familias e axentes externos.
- 7 O clima lector do Centro.

Os procedementos e instrumentos para avaliar irémolos facendo segundo
vamos poñendo en práctica o noso Proxecto.

CEIP CASÁS